



## CONCELLO DE OUTES (A Coruña)

### ANUNCIO DE APROBACIÓN DO PADRÓN FISCAL DE SUBMINISTRO DE AUGA POTABLE DO 2º SEMESTRE DE 2017.

A Xunta de Goberno Local deste Concello, en sesión de 26 de decembro de 2017 aprobou o padrón de contribuíntes da taxa polo servizo de subministro de auga potable do 2º semestre de 2017, composto por un total de 1.406 recibos.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, o padrón aprobado expónse ao público nas oficinas do concello durante 15 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP. Esta exposición, por prazo de quince días dende a correspondente publicación, servirá de notificación colectiva a tódolos contribuíntes, nos termos establecidos no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Contra as liquidacións incorporadas ao Padrón, tódolos interesados poderán interpor RECURSO DE REPOSICIÓN ante a Xunta de Goberno Local, segundo o disposto no artigo 14.2 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no prazo DUN MES contado dende o día seguinte ao remate da exposición ao público do Padrón. A interposición do recurso non suspende a eficacia das liquidacións correspondentes, agás que se solicite a suspensión e se presente garantía nos termos establecidos no apartado i) do precepto anteriormente mencionado. Contra a desestimación do recurso de reposición poderase interpor RECURSO CONTENCIOSO - ADMINISTRATIVO, no prazo de dous meses dende a notificación da resolución expresa ou de seis meses dende que se produza a desestimación presunta. Tamén se poderá interpor calquera outro recurso que se estime conveniente.

O prazo de cobro en período voluntario abranguerá dende o día **9 de febreiro de 2018 ata o 9 de abril de 2018**. O pago realizarase mediante domiciliación bancaria ou en efectivo na conta que ten aberta o Concello na entidade bancaria: La Caixa.

Transcorrido o período de cobro sinalado, iníciase o período executivo que determina o dereito a percibir a recarga de prema e os xuros de demora, de acordo co previsto no art. 28 da Lei Xeral Tributaria. Satisfarase a recarga do 5% cando se ingrese totalmente a débeda tributaria antes da notificación da providencia de prema, sen que se esixan xuros de demora; satisfarase o 10% cando se ingrese totalmente a débeda tributaria con posterioridade á notificación da providencia de prema, e dentro do prazo establecido pola mesma, sen que se esixan xuros de demora; satisfarase o 20% cando non se ingrese a totalidade da débeda tributaria ou con posterioridade ao prazo concedido na providencia de prema, e se esixirán xuros de demora que correspondan ao inicio do período executivo.

A falta de pago no período voluntario sinalado, suporá a exixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación.

Outes, 9 de xaneiro de 2018.

A ALCALDESA,

Asdo.: María Beatriz Molinos Vidal.